

1.- Actas na web da SGAPEIO

Dende hoxe están dispoñibles na web da SGAPEIO, no menú de “A Sociedade – Actas e informes”, e con acceso restrinxido a socios, as seguintes actas de Asembleas Xerais e reunións ordinarias do Consello Executivo:

- Acta da Asemblea Xeral da SGAPEIO do ano 2011, celebrada o 5 de novembro de 2011 no Pazo de Congressos de Pontevedra.
- Acta da reunión ordinaria do Consello Executivo celebrada o 15 de febreiro de 2012.
- Acta da reunión ordinaria do Consello Executivo celebrada o 12 de setembro de 2012.

2.- Oferta de emprego da USC

Convocatoria Pública da Universidade de Santiago de Compostela de contratación de persoal para colaborar en actividades de investigación mediante contrato de obra ou servizo determinado:

- **Actividade:** deseño de algoritmos para problemas de programación enteira e non linear.
- **Centro:** Facultade de Matemáticas
- **Investigador principal:** Julio González Díaz.
- **Titulación:** licenciatura, grao ou diplomatura en Matemáticas, Informática, Estatística, Física, ou Enxeñería Superior.

Presentación de solicitudes: ata o 16 de novembro de 2012.

Máis información: http://imaisd.usc.es/ftp/oit/documentos/1259_gl.pdf

3.- Itinerario de Investigación e Innovación Biosanitaria

O Itinerario de Investigación e Innovación Biosanitaria é unha proposta da Plataforma de Innovación Sanitaria da Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde promovida dende a Sub. Xral. de Investigación, Docencia e Innovación e a FEGAS, para implementar un proxecto de innovación formativa, en construción permanente, que posibilite unha xestión efectiva da circulación do coñecemento en torno á investigación sanitaria.

O itinerario constrúese cun formato multimedia, vídeo + soporte documental, que pretende difundir coñecementos prácticos a través de pequenas píulas formativas de 20-25 minutos de duración, e está estruturado en catro módulos:

- Metodoloxía da investigación
- **Bioestatística**
- Proxectos e xestión da investigación e innovación
- Xestión de resultados

Os vídeos están dispoñibles no portal do SERGAS: <http://www.sergas.es/itinerario.innovacion>. Ademais, a fin de mellorar a difusión do proxecto creouse un canal en YouTube: <http://www.youtube.com/user/Itinerariofegas>

4.- Bolsas Iberoamérica de Santander Universidades

O Banco Santander, a través do programa “Bolsas Iberoamérica. Novos profesores e investigadores. Santander Universidades” convoca 150 bolsas dirixidas a profesores e investigadores, preferentemente menores de 35 anos, para realizar estadias de polo menos dous meses en centros de investigación e universidades iberoamericanas en países distintos ao de orixe. Entre os centros participantes neste programa está a Universidade de A Coruña.

Presentación de solicitudes: dende o 30 de outubro de 2012 ata o 3 de marzo de 2013.

Máis información: <https://www.becas-santander.com>

5.- Bolsas do Banco Santander para realizar prácticas en empresas

O Banco Santander, a través do programa “Bolsas Santander CRUE CEPYME. Prácticas en empresa” convoca 5.000 bolsas para a realización de prácticas en empresas dirixidas a estudantes matriculados nas universidades españolas asociadas á *Conferencia de Rectores de Universidades Españolas* (CRUE), entre as que se atopan as Universidades de A Coruña, Santiago e Vigo.

Presentación de solicitudes: dende o 5 de novembro de 2012 ata o 31 de xaneiro de 2013.

Máis información: <https://www.becas-santander.com>

Un saúdo,
SGAPEIO
Facultade de Matemáticas
Campus Vida , s/n
15782 Santiago de Compostela
A Coruña (ESPAÑA)
E-mail: secretaria@sgapeio.es
Web: <http://www.sgapeio.es>